


A Comisión 4.^a, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 14 de decembro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 19782 (10/POC-003237)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as razóns das sucesivas demoras da Xunta de Galicia na resolución da convocatoria de axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, así como os requisitos exixidos ás persoas solicitantes, as súas previsións respecto da introdución dalgunha modificación nela e as razóns existentes para non asinar máis de 40 contratos predoutorais nas convocatorias de 2013 e 2014
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211, do 15.11.2017
- 1.2 20503 (10/POC-003327)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre a modificación de crédito por importe de 10.129.000,00 euros iniciada o 25 de outubro de 2017 pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a xustificación da necesidade de incrementar en 9.100.000,00 euros (o 89,83 %) as partidas necesarias para atender os gastos de Seguridade Social non vinculados a situacións de incapacidade laboral transitoria
Publicación asignación nova Comisión, BOPG n.º 220, do 30.11.2017
- 1.3 20540 (10/POC-003330)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a opinión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto do cumprimento nas catedrais de Mondoñedo, Ourense e Tui do réxime de visitas derivado da súa condición de "ben de interese cultural" e a actuación que vai levar a cabo ao respecto
Publicación asignación nova Comisión, BOPG n.º 220, do 30.11.2017

- 1.4 20614 (10/POC-003342)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a dispoñibilidade pola Secretaría Xeral de Cultura dalgún plan para garantir a viabilidade do Museo de Arte Contemporánea de Vigo e as previsións do Goberno galego respecto do aumento da súa participación no padroado
Publicación asignación nova Comisión, BOPG n.º 220, do 30.11.2017
- 1.5 20619 (10/POC-003343)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego referida á venda polo Ministerio de Facenda en poxa pública do predio en que se atopa o xacemento arqueolóxico do Paleolítico Superior da Pena Grande de Férvedes, no concello de Vilalba, a notificación á Xunta de Galicia ou ao concello desa decisión e as medias adoptadas ou previstas para garantir a súa permanencia en pé e mantemento, así como a valoración da posibilidade de reclamar a súa titularidade pública
Publicación asignación nova Comisión, BOPG n.º 220, do 30.11.2017
- 1.6 20984 (10/POC-003386)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 8 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para o cumprimento do acordo parlamentario referido á realización dun estudo xurídico, en colaboración coas universidades galegas, respecto da posibilidade de reversión ao patrimonio público da titularidade do pazo de Meirás. (Procedemento de urxencia)
- Punto 2. Proposicións non de lei**
- 2.1 10554 (10/PNC-001095)
Grupo Parlamentario de En Marea
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas ao apoio ás salas de teatro en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 132, do 21.06.2017
- 2.2 20986 (10/PNC-001716)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Fernández Gil, César Manuel e 7 máis

Sobre a planificación e programación pola Xunta de Galicia das iniciativas precisas para a celebración no ano 2018 do Ano Europeo do Patrimonio Cultural. (Procedemento de urxencia)

Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 222, do 04.12.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2017

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Antonio Mouriño Villar na data 05/12/2017 13:32:18